WIKIPEDIA

Lingua samoana

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **idioma samoano** ***(gagana Samoa)*** é unha lingua austronesia do grupo malaio-polinesio oriental, orixinaria de Samoa e falada principalmente nese país, na veciña colonia estadounidense de Samoa Americana e en Nova Zelandia.

Samoano
Gagana Samoa

Falado en:	Samoa Samoa Americana Nova Zelandia Tonga[*Cómpre referencia*]
Total de falantes:	370.337
Posición:	*Non está entre as 100 máis faladas*
Familia:	Austronesio Malaio-Polinesio Malaio-Polinesio Nuclear Malaio-polinesio centro-oriental Malaio-polinesio oriental Oceánico Oceánico centro-oriental Oceánico remoto Pacífico Central Fidxiano oriental-polinesio Polinesio Polinesio nuclear Samoico
Samoano	
Escrita:	Alfabeto latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Samoa Samoa Americana
Regulado por:	*Sen regulador oficial*
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	sm
ISO 639-2:	smo

Índice

Clasificación

O samoano é unha das linguas polinesias, grupo que teoricamente se orixinou a partir dunha lingua chamada protopolinesio. Crese que esta protolingua xurdiu na área de Fidxi, Tonga e Samoa arredor do 1500 a. C. e que un milenio despois ou algo máis tarde deuse a separación entre o prototónguico, lingua nai do tongano e o niuano e o protopolinesio nuclear, orixe á súa vez de todas as demais linguas do grupo.[1] Os falantes destas protolinguas iniciaron a súa expansión cara ao leste desde Tonga e Samoa e alcanzaron primeiro a Polinesia Central (Illas da Sociedade, Illas Cook e as Marquesas); e uns séculos máis tarde continuaron as súas migracións e chegaron finalmente ás illas Hawai, a illa de Pascua e a Nova Zelandia.

De acordo co sistema de clasificación tradicional de linguas polinesias, o samoano forma parte das linguas samoicas que son unha das dúas pólas descendentes do protopolinesio nuclear. Segundo un sistema de

clasificación revisado, proposto por Jeff Marck en "*Topics in Polynesian language and culture history*" (2000), o samoano descende do protoelliseano, que á súa vez sería unha das once ramas do protopolinesio nuclear e incluiría ademais o elliseano exterior e as linguas polinesias orientais.[1]

Entre os cambios de son que presenta o samoano con respecto ás formas reconstruídas do propopolinesio atópanse a neutralización de /ɾ/ e /l/ nun único son /l/ e a mudanza de /k/ pola oclusiva glotal /ʔ/. Pola contra, permaneceu a fricativa /s/ que noutras linguas foi substituída por /h/.

ISO 639-3: smo (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=smo)



Fonoloxía e escritura

Os fonemas do samoano son 16, 5 vogais e 10 consoantes. Escríbese cun alfabeto latino de 16 letras, unha para representar cada fonema: **a**, **f**, **g**, **i**, **l**, **m**, **n**, **o**, **p**, **s**, **t**, **u**, **v** e **'** . Adicionalmente existen as letras h, k e r para escribir préstamos doutras linguas.[2]

As cinco vogais poden ser breves ou longas, no segundo caso márcanse cun macron (¯). Estas diferenzas de lonxitude vocálica teñen carácter fonético e permiten distinguir palabras.

	bilabial	labiodental	alveolar	velar	glotal
nasal	m		n	ŋ	
oclusiva	p	t			ʔ
fricativa		f v	s		
vibrante			l		

A consoante nasal velar /ŋ/ escríbese cun **g** e a oclusiva glotal xorda /ʔ/ mediante o símbolo ʻ . As demais letras representan os mesmos valores que teñen no Alfabeto Fonético Internacional.

A formación de sílabas é bastante restritiva pois, como en todas as linguas polinesias, as consoantes só poden estar no principio da sílaba e non poden estar en grupos. As vogais poden ir soas ou acompañadas dunha consoante e outra vogal. Segundo isto, as sílabas posibles son vogal, vogal-vogal, consoante-vogal e consoante-vogal-vogal.

O acento usualmente ponse na penúltima sílaba, aínda que existen varias excepcións: acentúase a última sílaba de palabras terminadas en vogal longa, en ditongo ou cando se desexa enfatizar un termo. Ademais as palabras compostas reteñen os seus acentos.[3]

Gramática

Xénero e número

No samoano non existe o xénero gramatical, que é unha división das palabras en clases frecuente en moitos idiomas e que non necesariamente coincide co xénero natural (sexo).

O sexo de persoas, animais e algunhas plantas indícase por medios léxicos, xa sexa usando termos diferentes (*tane*, "home", *fafine*, "muller") ou anteponendo os adxectivos *po'a*, "macho" e *fafine*, "femia".[4]

Nos pronomes persoais e posesivos existen tres gradacións de número: singular, dual e plural, que se indican mediante palabras diferentes para cada unha. En cambio, nos substantivos o singular e o plural sinálanse por medio de artigos e outros determinantes e non hai o dual propiamente dito.

Pronomes

Os pronomes persoais do samoano teñen tres persoas: primeira, segunda e terceira; tres gradacións de número: singular, dual e plural. Ademais, fai distinción entre primeira persoa inclusiva[5] (o oínte forma parte dela) e primeira persoa exclusiva (o oínte non forma parte).

	singular	**dual**	**plural**
primeira persoa	*inclusiva:* tā *exclusiva:* a'u , 'ou	*incl.:* tā, tā'ua *excl.:* mā, mā'ua	*incl.:* tātou *excl.:* mātou
segunda persoa	'oe, 'e	'oulua	'outou, tou
terceira persoa	ia, na	lā'ua	lātou

Notas

1. Otsuka, Yuko (2005). University of Hawai'i, ed. "History of Polynesian Languages" (PDF). Arquivado dende o orixinal (PDF) o 11 de setembro de 2006. Consultado o 22 de abril de 2012.
2. Omniglot. Writing Systems and Languages of the World. "Samoan (Gagana Samoa)". Consultado o 22 de abril de 2012.
3. Pratt, George (1984). "Syllable. Accent". En Papakura: R.McMillan. *A Grammar and Dictionary of the Samoan Language, with English and Samoan Vocabulary. Third and Revised Edition*.
4. Pratt, George (1984). "Words. 2. The Noun". En Papakura: R.McMillan. *A Grammar and Dictionary of the Samoan Language, with English and Samoan Vocabulary. Third and Revised Edition*.
5. Na primeira persoa inclusiva singular, o falante expresa a súa implicación emocional na oración.

Véxase tamén

Bibliografía

- Pratt, George (1984). Papakura: R.McMillan, ed. *A Grammar and Dictionary of the Samoan Language, with English and Samoan Vocabulary. Third and Revised Edition*.

Ligazóns externas

- Dicionario samoano-inglés (https://web.archive.org/web/20040412195550/http://www.websters-online-dictionary.org/definition/Samoan-english/)



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua samoana***